



Problema944: Xustifique se a seguinte afirmación é verdadeira ou falsa: “o $\text{CH}_3\text{--CH=CH--CH}_3$ reacciona con HCl para dar un composto que non presenta isomería óptica”
ABAU-Xuño-2023



A reacción con HCl é unha adición ao dobre enlace, formarase: $\text{CH}_3\text{--CH}_2\text{--*CHCl--CH}_3$
2-clorobutano,



presenta un carbono asimétrico, sinalado co asterisco, é un carbono que ten os catro substituintes diferentes, os compostos cun carbono asimétrico presentan isomería óptica, teñen dous isómeros que son imaxe especular un do outro e non se poden superpoñer, por tanto a afirmación é **falsa**.